globalexpress

▶ DOSSIER
▶ GUÍA DIDÁCTICA
▶ ACTIVIDADES

Setembro 2014 | Núm. 20

Dereitos moi frustrados



1. O barómetro de clase

Lede cada unha das seguintes afirmacións. Para cada unha delas, pensade e decidide en qué lugar da clase vos situades segundo o grao de acordo ou desacordo coas frases. Despois, de forma ordenada, debedes argumentar a vosa decisión.

- Para asegurarse unha boa atención sanitaria, o mellor é ter unha cobertura médica privada.
- Todos os cidadáns/ás, só polo feito de o ser, deben percibir unha renda que lles permita cubrir as súas necesidades básicas.
- Debemos pagar impostos porque deben ser utilizados para axudar a quen máis o necesita.
- Moitas persoas que non teñen traballo é porque non se esforzaron demasiado.
- As bolsas só deben ser concedidas a aqueles alumnos que teñan notas por cima de 6.
- O cinema, o teatro, os concertos e en xeral as actividades culturais non cobren necesidades básicas e non deben ter un IVE reducido.

2. Buscando unha vida digna

Actividades

a) Que credes que necesitan todas as persoas para vivir dignamente?

Elaborade individualmente unha lista que inclúa estas necesidades. Cando o fagades, pensade en que esta poida ter o máximo consenso, non só na vosa aula, vila ou cidade, senón en calquera lugar do planeta. Despois facede unha posta en común e pactade unha única lista.

3. A historia dos dereitos

Nas sociedades do Antigo Réxime, as persoas eran consideradas vasalos do rei e carecían de dereitos.

Fartos de tanta inxustiza, a poboación comezou a loitar para mudar a situación. Coa chegada da Revolución Francesa e outras posteriores, nalgúns países nacía o concepto de cidadán: persoa con dereitos e deberes.

Os primeiros dereitos que conseguiron estes cidadáns foron os dereitos políticos e civís: dereito a voto, liberdade de expresión, igualdade legal, liberdade de asociación.

Mais non todos os países do mundo seguiron o mesmo ritmo. Ademais, en moitos contextos as mulleres non dispuñan de tales dereitos.

Ter dereitos implicaba loitar para garantilos, e moitos gobernos, por medo á poboación, tendía a restrinxilos.

Pasan os anos e as inxustizas, sobre todo económicas, continúan a existir. Aínda que en principio todos eramos "iguais perante a lei", a sociedade dividíase cada vez máis en ricos (propietarios de empresas e negocios) e pobres (traballadores).



Por este motivo, propúxose que os "dereitos civís e políticos" debían ser ampliados para garantir certa igualdade económica e social. Aínda que se conseguiran certas cotas de liberdade, agora tornábase necesaria a loita para a igualdade.



Mais non todos os gobernos estaban dispostos a mudar o sistema económico, e as mobilizacións sociais aumentaron. Aínda que algúns países avanzaron neste sentido, a desigualdade económica e social consolidábase.

Ao entrar no s. XX, as posturas radicalizáronse. Nalgúns países estalaron revolucións que implicaron o fin do sistema liberal-capitalista. Outros tentárono, mais fracasaron.

Europa ficou cada vez máis dividida en dous bloques: aqueles que aspiraban a vivir cun vasto recoñecemento de dereitos, e aqueles que pensaban que para manter a orde era necesario, precisamente, restrinxir os dereitos.

Con esta división, os ditadores fascistas chegaron a Europa. Non crían na igualdade, senón que loitaban contra ela, e convenceron unha parte da poboación de que se podía vivir sen dereitos.

O fascismo levou o vello continente cara á destrución total (II Guerra Mundial). Os dereitos desapareceron do mapa, millóns de persoas morreron e moitas minorías e colectivos foron perseguidos.

Despois do conflito, moitos gobernos entenderon que non se podían repetir os erros do pasado. Facía falta crear Estados verdadeiramente democráticos, estábeis e cunha ampla declaración de dereitos para os cidadáns. Non só se trataba de votar o goberno, senón que este garantise unha serie de dereitos básicos.

Mesmo así, non toda a Europa se liberara do horror do fascismo. En España, a vitoria do Xeneral Franco na Guerra Civil Española significou a ausencia total de dereitos para a poboación.

A Organización das Nacións Unidas (ONU), institución creada para evitar un novo conflito mundial, recolleu este sentimento e deixou por escrito cáles debían ser os dereitos básicos que os gobernos deberían cumprir.

Mais a ONU nunca puido intervir na política dos Estados. Por iso moitos gobernos non protexeron de maneira efectiva estes dereitos. Contextos de crise como o actual serviron de pretexto para reducir dereitos sociais básicos pondo a sanidade, a educación ou o dereito á vivenda en perigo.

Aínda que en moitos países podemos afirmar que vivimos cun importante grao de liberdade, aqueles dereitos que garanten a igualdade continúan a estar en perigo. Ademais, en moitos países aínda se sofre a falta de gran parte dos dereitos básicos.

Actividades

a) Se tiveses que continuar a historia dos dereitos, como te imaxinarías dentro de 25 anos? Debúxao na última viñeta.

b) Por que cres que foi máis simple garantir dereitos que afectan a "liberdade", e tan difícil facelo cos que tratan a "igualdade"?

4. Quen coida dos nosos dereitos?

Le este pequeno texto e despois realiza as actividades.

"Unha parte das necesidades que experimentan as persoas pode ser satisfeitas de forma individual cos propios recursos. Mais hai outras necesidades cuxa satisfacción individualizada non é posíbel senón que é preciso atendelas de forma colectiva (...)."

Axencia Tributaria

Actividades

a) Recuperemos as necesidades básicas do exercicio "Buscando unha vida digna". Tentemos clasificalas en dúas listas: unha para aquelas que poden ser satisfeitas individualmente, e outra para aquelas que non poden.

Que cres que nos quere dicir a Axencia Tributaria cando afirma *"é preciso atendelas de forma colectiva"*?

Individual

Colectiva

b) Aquí tedes un resumo do Pacto Internacional dos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais. Lede ben os artigos e despois relacionade as necesidades da vosa lista cos artigos do texto.

Pacto Internacional dos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais

Parte III

Artigos 6, 7 e 8

O Pacto Internacional dos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais recoñece nos artigos 6, 7 e 8 o dereito a traballar, que comprende o dereito de toda persoa a ter a oportunidade de gañar a vida mediante un traballo libremente escollido ou aceptado. Recoñece tamén o dereito de toda persoa ao gozo de condicións de traballo equitativas e satisfactorias que lle aseguren en especial: un salario xusto, sen distinción de sexo; unhas condicións de traballo dignas que regulen a seguridade e a hixiene, así como as horas de traballo e de descanso.

Tamén o dereito de folga, así como o de fundar sindicatos e a libre filiación ao da súa escolla.

Artigo 9

Os Estados partes no presente Pacto recoñecen o dereito de toda persoa á seguridade social, incluso ao seguro social.

Artigo 11

Recoñécese tamén o dereito de toda persoa a un nivel de vida adecuado para si e para a súa familia, incluíndo alimentación, vestido e vivenda adecuados, e a unha mellora continua das condicións de existencia.

Recoñecendo o dereito fundamental de toda persoa a estar protexida contra a fame, os Estados comprométense a adoptar, individualmente e mediante a cooperación internacional, as medidas necesarias para mellorar os métodos de produción, conservación e distribución de alimentos, e a asegurar unha distribución equitativa dos alimentos.

Artigo 12

Recoñécese tamén o dereito de toda persoa ao gozo do máis alto nivel posíbel de saúde física e mental.

Artigo 13

Recoñécese o dereito de toda persoa á educación. Concordan en que a educación debe orientarse cara ao pleno desenvolvemento da personalidade humana e do sentido da súa dignidade, e debe fortalecer o respecto polos dereitos humanos e polas liberdades fundamentais. Concordan tamén en que a educación debe capacitar todas as persoas para participaren efectivamente nunha sociedade libre, favorecer a comprensión, a tolerancia e a amizade entre todas as nacións e entre todos os grupos raciais, étnicos ou relixiosos, e promover as actividades das Nacións Unidas en prol do mantemento da paz.

Artigo 15

Toda persoa ten dereito a participar na vida cultural, a gozar dos beneficios do progreso científico e das súas aplicacións, así como a se beneficiar da protección dos intereses morais e materiais que lle correspondan por razón das producións científicas, literarias ou artísticas de que sexa autora.

(Texto reelaborado e adaptado)

Adoptado e aberto á sinatura, ratificación e adhesión pola Asemblea Xeral na súa resolución 2200 A (XXI), de 16 de decembro de 1966

Entrada en vigor: 3 de xaneiro de 1976, en conformidade co artigo 27

c) Cres que a vosa lista é unha lista de dereitos públicos? Xustifica a túa resposta. Para facelo, podes axudarte das seguintes definicións.

Definición de "dereito": Facultade humana de poder ter ou esixir o que a lei permite ou estabelece.

Definición de "público": Pertencente ou relativo a todo o pobo.

d) Le as seguintes situacións e responde ás preguntas.

e) Quen coida ou debe coidar dos vosos dereitos?

Por que cres que é importante que os gobernos e outras institucións protexan os dereitos da cidadanía en todo o mundo?

- Se ficaches sen traballo e non podes pagar o aluguer da túa casa, a quen debes recorrer?
- Se a túa vila precisa dunha nova escola, quen é o responsábel de construíla?
- Se no teu barrio creceu moito a poboación e necesitades de máis profesionais sanitarios, quen se debe preocupar de contratalos?
- Pecharon a fábrica onde traballaba túa irmá. Onde debe ir para poder cobrar a súa prestación? De quen depende que a cobre?
- Se tiverdes problemas no traballo, a quen poderedes recorrer?

5. Poñamos números aos recortes

01



Evolución das taxas de desemprego (TD) e das taxas de pobreza e exclusión social (TPES) (2004-2014)*

* Previsión da TPES e TD para o período 2013-2014

Fontes: INE, Eurostat e elaboración propia. Equipo Nizkor.

www.derechos.org/nizkor/espana/doc/indignados252.html

02



Evolución execucións hipotecarias 2007-2013

Fonte: *www.huffingtonpost.es/2014/03/28/numero-de-desahucios_n_5047830.html* con datos do Consello Xeral do Poder Xudicial e elaboración propia.

03



Efecto gasto público en sanidade sobre esperanza vida

Efecto gasto privado en sanidade sobre esperanza vida

Gráfico comparativo entre a esperanza de vida e o gasto sanitario

Font: *www.eldiario.es/piedrasdepapel/2012_6_83701631.html* e elaboración propia.

04



Datos en millóns de euros

Evolución dos orzamentos en educación aos niveis estatal e autonómico

Fontes:

http://www.feteugt.es/data/images/2014/Comunicaci%C3%B3n/GABpresupuestos_educacion_comunidades_2014.pdf

http://dondevanmisimpuestos.es/politicas/32/educacion e elaboración propia.



Gráfico comparativo entre o orzamento en cultura (Administración central) e o gasto da cidadanía (lares) en cultura *

* Gastos e orzamentos en €/habitante

Fonte: Elaboración propia con datos do MECD, Ministerio da Facenda e Administracións Públicas e *http://lluisbonet.blogspot.com.es/2013/12/presupuestos-publicos-de-cultura-en.html*



Investimento en investigación e desenvolvemento (I+D) en España (millóns de euros)

Fonte: *http://www.principiamarsupia.com/2012/09/15/com-se-maltrata-a-los-jovene...*

Evolución do número de emigrantes en España con destino ao estranxeiro

Fonte: Elaboración propia con datos do INE

Actividades

a) Que datos te sorprenderon máis? Por que?

b) Que relación existe entre os diferentes gráficos? Comenta polo menos dous deles, destacando en porcentaxes a variación que resulta da evolución dos seus índices.

c) Cales son as causas e consecuencias de todas estas situacións? Tenta concretar o máximo posíbel.

6. É a crise a malvada do filme?



Actividades

a) Co que traballaches até agora e vendo esta viñeta, que relación cres que hai entre os recortes e a crise económica?

7. Como os nosos dereitos poden ser endereitados?

Mentres algúns colectivos e forzas políticas defenden que para saír da crise é necesario recortar nos servizos públicos, outros cren que a crise está a servir como escusa, e que son o sistema económico e a vontade política os que non favorecen que se invista nos servizos públicos. Vexamos cómo funciona o sistema económico e así poderemos opinar. De acordo?

É o aniversario de María, unha colega da aula, e a aula de 4.º organízase para lle ofrecer un regalo. Póñense de acordo enseguida: van regalarlle ese xogo de mesa que adora e ao que xogaron tantas veces.

Carlos encárgase de ir compralo, pois ten unha tenda ao lado de casa, e danllo á saída das aulas. María está encantada, realmente acertaron!

Ao día seguinte, dispóñense a facer contas. Unha vez dividido o que custou a Carlos entre todos e todas, Carme comenta que lle sabe mal, mais ela non pode dar tanto. Na súa casa van moi xustos de cartos e hai tempo que non ten paga semanal, ao que Rocío comenta que é moi pouca a cantidade que hai que dar e que non pode ser que non o poida conseguir.

Organízase un debate entre todos e todas as colegas. Un grupo de colegas están dispostos a pór un pouco máis de diñeiro, mentres que outro grupo pensa que non é xusto e que todos e todas deben pór o mesmo. Tamén hai quen propón que, para seren xustos, poden pór un pouco máis, sempre que Carme non asine o cartón de aniversario.

Actividades

a) Se te encontrases nesta situación, defenderías que todos e todas teñen que pór o mesmo ou estarías disposto a dar máis diñeiro? Argumenta a túa resposta.

b) O diñeiro que ten o Estado para elaborar os orzamentos procede da recadación de impostos aos cidadáns e cidadás, ás empresas e ás multinacionais. Vexamos con canto contribúe cada un destes colectivos.

O billete que tedes abaixo vai servirnos para ver quen contribúe para o orzamento.

Porén, antes de comezar, ollade este vídeo:

www.youtube.com/watch?v=q1S3LOVn5J0&feature=youtu.be

Fonte: Relatorio Oxfam Intermón, *Tanto tés, tanto pagas?*

Efectivamente, a evasión fiscal provoca que o Estado non teña tanto diñeiro para investir. A fraude fiscal en España, que representa aproximadamente 24% de todo o que podería recadar, é moi superior á media europea.

Por tanto, recortade do billete a porcentaxe de diñeiro que marcha do Estado tendo en conta os seguintes datos:

✂ 17,28% procede das grandes fortunas e multinacionais

✂ procede de:

- 4,08% pemes
- 2,06% autónomos
- 0,62% familias e individuos

Total: 24% de fraude fiscal en España



c) O que nos resta do billete é a parte real do recadado polo Estado. Vexamos con canto contribúe cada colectivo

Ollade o seguinte gráfico e os datos que o acompañan e pintade o billete de acordo coa proporción que vos mostran. Aínda que os datos son de 2011, na actualidade as porcentaxes son moi parecidas.

91,58% familias (cor amarela)

6,44% empresas e pemes (cor roxa)

1,98% multinacionais (cor azul)

Fonte:Relatorio Oxfam Intermón, *Tanto tés, tanto pagas?*

d) Despois, observa o seguinte gráfico sobre cómo o Estado inviste o diñeiro público:

Algúns exemplos do que inclúen estas partidas do orzamento son:

- **Protección e promoción social:** pensións, desemprego, fomento do emprego, etc.

- **Actuacións de carácter xeral:** débeda pública, transferencias para outras Administracións públicas (p. ex., para as comunidades autónomas, que por súa vez teñen transferidas competencias en educación, saúde...), etc.

- **Actuacións de carácter económico:** infraestruturas; agricultura, pesca e alimentación; industria e enerxía; investigación e desenvolvemento; etc.

- **Servizos públicos básicos:** defensa, seguridade cidadá, xustiza, etc.

- **Bens públicos de carácter permanente:** sanidade, educación e cultura, etc.



Datos en %

Fonte:
http://dondevanmisimpuestos.es/politicas

Despois, responde ás seguintes preguntas argumentando a túa opinión:

Consideras que o Estado podería investir máis en políticas públicas? En caso afirmativo, como podería facelo?

Por que cres que non o fai?

Se o diñeiro que ten o Estado para elaborar os orzamentos procede da cidadanía, tamén é a nosa responsabilidade que se invista no que cremos que é importante: Que podemos facer os e as cidadás para que os orzamentos sexan xustos?

8. Loitando polos nosos dereitos

É unha tarde calquera, e estás na túa casa, a ler ou a estudar, cando de súpeto ouves ruídos e gritos na escaleira do edificio.

Asómaste a ver o que ocorre e descobres que hai varios axentes de policía discutindo cos veciños de en fronte, os Martí, que coñeces de toda a vida. Seus fillos van á túa mesma escola, e sabes que ultimamente non estaban a pasar bos momentos, e por eles sabes que seus pais levaban un tempo sen traballar. Ten lugar unha agarrada entre a familia e a policía, asústaste un pouco, e preguntas sobre o que ocorre a un dos demais veciños que saíron ver o que acontece. "Están a desafiuzalos", respóndeche, mais nese momento un axente ordénache que entres na túa casa. Entras e pechas a porta, e escoitas como, despois duns minutos máis de barullo, aos poucos os ruídos van desaparecendo, e finalmente, silencio... O que van facer agora os Martí?, pregúntaste. Podería ocorrer o mesmo á miña familia? Deberíamos facer algo, mais... o que?

Esta historia representa o que ocorreu e continua a ocorrer en millares de vivendas en toda España nos últimos anos. De feito, os números son escandalosos: só no ano 2012 foron contabilizados 30.034 desafiuzamentos en todo o Estado, un desafiuzamento a cada 15 minutos. De 2007 até 2011, foron 328.000. E, porén, calcúlase (aínda que é difícil utilizar datos seguros) que hai 3,44 millóns de casas baleiras en toda España. O que está a ocorrer?

Nesta ligazón podedes ver un desafiuzamento filmado pola Plataforma de Afectados pola Hipoteca:

https://www.youtube.com/watch?v=5pToHQcImXU#t=150

O estalido dunha burbulla

Compra! Os prezos da vivenda nunca baixan. Alugar é desperdiciar o diñeiro. Investir nunha vivenda (ou máis) é o mellor investimento. Até 2008 era moi habitual ouvir estas frases, repetidas como mantras nos medios de comunicación, os bancos, os bares, as reunións de amigos, etc. Os prezos da vivenda disparábanse ano tras ano a ritmos inusitados, e non só os especuladores aventurados se beneficiaban. Foi unha auténtica festa para construtores, bancos, inmobiliarias, pequenos investidores, etc. Moitas das leis e políticas dos anos 90 estiveron dirixidas precisamente a isto, a facilitar a liberalización e a urbanización do territorio español, a fin de estimular o crecemento económico (como se viu despois, un crecemento económico con pés de barro).

Propómosvos unha reflexión rápida para entender cómo algúns se beneficiaban dos altos prezos. É obvio que se compras algunha cousa (neste caso, unha vivenda) a un prezo, e véndelo máis caro, obtés un lucro.

Actividades

a) Mais que beneficios obtiñan os que prestaban o capital, principalmente, os bancos? Facede uns cálculos rápidos: canto gaña un banco nun empréstito a 2%, se presta 100.000 euros? Mais e se presta 200.000? E 300.000? Seguro que ides entendendo a dinámica.

Podedes utilizar esta páxina para calculalo: www.bde.es/clientebanca/simuladores/simulador_hipotecario.htm

Como dicíamos, os bancos non foron os únicos beneficiados, e tampouco é conveniente xeneralizar, mais con perspectiva vemos como, ao final, se xogou e especulou cun dereito fundamental, e os perdedores foron, como sempre, os máis débiles.

Porén, cando nese mesmo ano estoupou a burbulla inmobiliaria, centenares de millares de persoas perderon os seus traballos e encontráronse perante a imposibilidade de continuar a pagar as cotas das súas hipotecas. E é entón cando lles tocou ler (e entender por completo) todas as cláusulas dos empréstitos que tan alegremente asinaran, e coñecer as leis que regulaban o sector hipotecario español, e non poucas trampas e artimañas de dubidosa legalidade, para toparen con desagradábeis realidades.

Unhas semanas despois do desafiuzamento da familia Martí, ouves túa nai comentar a teu pai que os teus veciños continúan a deber ao banco máis de 100.000 euros. 100.000 euros! E longo non lles quitaron xa a súa vivenda! Preguntas desde a indignación que cómo pode ser iso... Túa nai dobra o xornal que está a ler, óllate cunha especie de amargura nos ollos, e diche: "Si, tócalles pagar todo o empréstito que pediron". "Non o entendo", pensas. "Se pides un diñeiro para comprar unha casa e non o podes pagar, o banco fica coa casa, e dalgún xeito recupera o diñeiro que emprestou...".

Foto: Olmo Calvo

A banca (case) sempre gaña

É lóxico que un non entenda por qué millares de cidadáns ficaron sen vivendas e con débedas pendentes, ás veces de centenares de millares de euros. O problema principal destas familias é que a lei que regula o mercado hipotecario español non contempla a **dación en pagamento**, unha cláusula que en principio significaría que, cando un propietario non pode continuar a pagar a hipoteca, o banco fica coa vivenda e o propietario fica liberado da débeda contraída. Os bancos, entidades privadas con ánimo de lucro, fan os seus negocios e queren obter lucros, e argumentan (non sen razón) que a dación en pagamento lles causa perdas, e a ninguén lle gusta perder (os lucros das principais entidades bancarias en 2010 estiveron próximos dos **15.000 millóns de euros**). É importante salientar a complexidade que implica un proceso de **execución de hipoteca**, isto é, o proceso polo cal se somete a subhasta pública unha vivenda cuxo titular ten unha débeda contraída con alguén (nestes casos, unha entidade bancaria). Existen innumerábeis variábeis que determinan cánto acaba debendo o propietario ao banco, e un dos exemplos máis controvertidos son os xuros de mora: cando un non paga as cotas no prazo determinado, sonlle aplicados uns xuros que incrementan esa débeda que non poden pagar... O certo é que, novamente, son os máis débiles e vulnerábeis os que acaban pagando as fabas.

Poñamos por exemplo o caso da familia Martí:

Os Martí compraron unha vivenda en xaneiro de 2006 por 300.000 euros. Recorreron ao banco para pedir un empréstito polo referido montante, e foilles concedido sen problemas, xa que nese momento traballaban os dous cónxuxes e o diñeiro fluía. En 2011, ambos perderon o emprego, e con moitas dificultades conseguiron continuar a pagar as cotas mensuais até decembro de 2013, mes en que se declararon insolventes e deixaron de pagar: o banco procedeu á execución da hipoteca. Porén, oh, sorpresa!, o valor da casa neses momentos non ascendía ao valor da débeda contraída... Lembrade: o banco emprestoulles 300.000 euros, mais o montante a lle devolver é moi superior (como vimos anteriormente, hai que pagar xuros, xuros de mora, etc.). Seguindo o procedemento habitual, a casa foi subhastada, e finalmente asumida polo banco con valor de 200.000 euros. Os Martí amortizaran no pagamento das cotas mensuais uns 70.000 euros, mais os xuros a pagar ascendían a 90.000 euros, sumados aos 300.000 iniciais...

b) Saberías calcular a canto ascendía a débeda dos Martí co banco, despois de entregada a vivenda?

c) E a segunda pregunta que talvez vos fagades é: que vai facer agora a familia Martí sen unha vivenda e con ambos os cónxuxes desempregados?

Vas andando pola rúa cos teus amigos, e ves nun balcón unha faixa que di "STOP DESAFIUZAMENTOS". Pensas que talvez a esa xente tamén a estean a desafiuzar, como aos Martí. Desde aquel episodio coa policía, non deixaches de ver na televisión imaxes de manifestacións, **escraches ou flash-mobs** en sucursais bancarias, e asociacións e grupos de cidadáns enfrontándose á policía para evitar que expulsen das súas casas familias sen recursos, anciáns, familias con persoas dependentes... Ouviches que houbo xente que chegou a ferir traballadores dalgún banco, por pura impotencia e desesperación, e mesmo que algunhas persoas chegaron a se suicidar, afogados polas débedas... Mais, en xeral, a xente (e os gobernos, evidentemente) non parece ter reaccionado nin ter conseguido nada... Ou si?

PLATAFORMA DE AFECTADOS POR LA HIPOTECA
www.afectadosporlahipoteca.com

A cidadanía reacciona

O 22 de febreiro de 2009, reunía-se pola primeira vez en Barcelona un colectivo de cidadáns e cidadás afogados polas hipotecas, nunha asemblea promovida por un colectivo (V de vivenda) que denunciaba a dificultade do acceso á vivenda "nos anos loucos". Paradoxalmente, o que estaban a denunciar agora non era a imposibilidade de acceder a unha, senón a lousa que representaba para as familias non poder continuar a pagalas. Nacía así a Plataforma de Afectados pola Hipoteca (PAH) e, pouco despois, a súa primeira campaña, STOP DESAFIUZAMENTOS.

Cedo, xurdiron decenas de plataformas locais en numerosas localidades do territorio español, ben organizadas, que tiveron un importante impacto mediático na súa loita por frear os desafiuzamentos, especialmente das persoas máis vulnerábeis. En pouco tempo, lograron algo moi importante: conseguiron atraer a atención da sociedade para o grave problema dos desafiuzamentos, ocupando coas súas accións capas de xornais, debates televisivos e mesmo a atención dos partidos políticos.

Propómosvos que fagades unha investigación sobre o que é a PAH, estabelecendo principalmente:

- cáles son os seus **obxectivos,**
- cómo se organizaron (**estrutura e ferramentas de traballo**), e
- cáles foron os seus **éxitos.**

d) Como material de traballo, poderedes utilizar artigos, reportaxes, vídeos... o que creades conveniente, mais aquí vos xuntamos varias ligazóns, entre eles unha entrevista con Ada Colau, a face máis visíbel e durante anos portavoz da PAH.

1. Vídeo: 'A PAH presenta: da burbulla á la Obra social'
   www.youtube.com/watch?v=TkrM-zBGjBQ
2. Web da Plataforma de Afectados pola hipoteca
   www.afectadosporlahipoteca.com
3. Entrevista a Ada Colau
   www.eldiario.es/catalunya/entrevista-Ada_Colau-ILP-PAH-Desahucios_0_101489868.html
4. 'A PAH xa venceu' (Ada Colau e Adrià Alemany)
   www.eldiario.es/contrapoder/PAH-ganado_6_231386862.html
5. 'A protesta', especial desafiuzamentos
   elpais.com/especiales/2013/desahucios/la-protesta.html

Para vos facilitar un pouco o traballo, suxerímosvos unha serie de conceptos chave, que non poden faltar na vosa investigación:

- Iniciativa Lexislativa Popular
- Uso das redes sociais
- Dación en pagamento
- Servizos de asesoría
- Frear desafiuzamentos
- Realoxamentos - Obra social PAH

Tamén podedes buscar na ligazón de abaixo a páxina de Facebook ou o blog da Plataforma máis próxima do voso barrio ou localidade (hai 215 nodos en todo o Estado español), e estudar os seus contidos para avaliar a súa utilidade:

www.afectadosporlahipoteca.com/contacto